

As escolas “Pro-Valle Miñor” e a súa preocupación pola formación docente¹

M^a Carmen Pereira Domínguez

*“Pol-as estradas do mar,
para renderlles loubor,
meu corazón vai buscar
os que superon fundar
a escola Valle Miñor”.*

Ramón Cabanillas²

A XEITO DE INTRODUCCIÓN

Galicia experimentou un proceso evolutivo ao longo do primeiro tercio do século XX, no que nos primeiros anos estivo inmersa nun tipo de sociedade marcadamente campesiña, desprovista dun mínimo interese político e social, dominada polos sistemas de minifundio, de elevadas taxas de parcelamento e de terras aforadas orixinando evidentes clases sociais.

Ao tempo atópase afogada nun paupérrimo transfondo socioeconómico por mor da emigración e das rebelións obreiras. Pouco a pouco irá abrindo camiño cara a unha sociedade que promete avances económicos, avalada por unha sociedade articulada na busca dun nacionalismo galego e no asentamento da autonomía rexionalista, a partir da elaboración do Estatuto de Autonomía Galego, como eixo clave sobre o que xirarán os problemas e necesidades da rexión. Foron grandes esforzos que, a pesar de levarse ata os máis altos poderes, se viron truncados polos sucesos acontecidos durante a Guerra Civil de 1936.


Como consecuencia do exposto observábase un crecente analfabetismo, así como un escaso interese pola instrución e unha falta de apoio e sensibilidade dende as esferas políticas, culminando co peche de escolas ante tal absentismo.

Esta situación viuse agravada pola impotente actuación do Ministerio de Instrucción Pública, cuxas accións non respondían ás demandas da realidade educativa galega. Ademais este panorama acompañábase de insuficientes escolas, de locais e recursos escolares en lamentable estado, dunha deficiente formación do profesorado e de precarios salarios, así como do emprego de metodoloxías anticuadas. Por conseguinte, era común atopar testemuñas como as que seguen:

“...Se lee una instancia donde se da cuenta que el profesor D. Juan de Dios Torres, la mayor parte de los días no tiene clases y si las hay espera pasar un corto rato con los niños en las aulas, abandonados a sí mismos o a la vigilancia de otro niño; que este abandono se ha hecho bien palpable en el reducido número de alumnos que se presentaron en los últimos exámenes; que ha trans-

¹ Ver PEREIRA DOMÍNGUEZ, M^a C. *La labor educativa iberoamericana y la creación de las Escuelas Pro-Valle Miñor a principios del siglo XX*. Madrid, Edita Universidad Complutense, Colección Tesis Doctorales, Edición facsímil, número 381/88. 1988.

² “De nuestras escuelas”, en *Boletín Unión Hispanoamericana Valle Miñor*. Año XIII. B. Aires, número 168, setembro 1923, p. 11.



Primeira Escola Americana Val Miñor inaugurada o 4 de maio de 1909 (Vida Gallega)

currido ya un mes después de finalizar las vacaciones de verano y aún la escuela no se había abierto".³

Por todo isto, os emigrantes galegos en América crearon as "Sociedades Gallegas de Instrucción" como paliativo ás deficiencias socioculturais existentes.⁴ Estas Sociedades tiveron como antecedentes próximos os Centros Galegos que dende a súa orixe en 1879 se estableceran en Buenos Aires, Montevideo e La Habana:

"Las Sociedades Gallegas de Instrucción de ámbito local promovieron, financiaron y operativizaron un proyecto de educación popular para la Galicia rural. Dicho proyecto perseguía paliar las carencias que registraba la red pública de enseñanza en el agro gallego e incluso ofrecer un modelo de escuela alternativo al que entonces imperaba en aquel contexto. Ese carácter alternativo queda patente en las innovaciones infraestructurales, organizativas, curriculares y de ideario que tratan de imprimirles a sus colegios".⁵

A CREACIÓN DA SOCIEDADE "UNIÓN HISPANO AMERICANA VALLE MIÑOR"

Naceu entre as inquietudes políticas e socioculturais dun grupo de emigrantes residentes en Arxentina no ano 1904, agrupados en "Hijos del Partido de Nigrán". Figuraron como presidente Manuel L. Lemos, como secretario o seu irmán Eduardo Lemos e como tesoureiro Francisco Cano.

Pouco a pouco fóronse adherindo outros emigrantes procedentes dos concellos de Gondomar, Baiona e Nigrán e consolidaron o proxecto de dotar ao Val Miñor de colexios de primeira ensi-

³ *Boletín Unión Hispano Americana Valle Miñor*. Año XVI. B. Aires, número 201. xullo 1926, p.1

Ver COSTA RICO, A. *Aproximación a la historia de la Enseñanza Primaria en Galicia en el primer tercio del siglo XX*. Universidad de Salamanca. Tese de doutoramento inédita, 1982.

⁴ PEÑA SAAVEDRA, V. "Presupuestos socioeducativos para la implantación de las escuelas americanas y las Sociedades de Instrucción en Galicia", en *Historia de la Educación. Revista Interuniversitaria*, número 2, 1983, p. 367.

⁵ PEÑA SAAVEDRA, V. *Éxodo, organización comunitaria e intervención escolar. La impronta educativa de la emigración transoceánica en Galicia*. A Coruña. Xunta de Galicia. 1990, volumen II, p. 29.

nanza, así como de fundar un hospital que atendera a aqueles enfermos con escasos recursos económicos:

*"El programa regeneracionista de los intelectuales emigrados parte del reconocimiento de la marginación como propiedad común a todos los gallegos y en particular a los de la diáspora, donde el citado atributo adquiere peculiares connotaciones agravantes que afectan no sólo a los más humildes sino también a los prominentes, pues es la condición de la galleguidad la que se encuentra devaluada..."*⁶

Deste xeito o 5 de xaneiro de 1905 esta Asociación pasou a denominarse "Unión Hispano Americana Pro-Valle Miñor". Representou unha das Sociedades pioneiras que perseguiron entre outros obxectivos: a creación de centros de educación e instrucción xeral, escolas prácticas de artes e oficios, campos de experimentación agrícola, clases nocturnas para adultos, bibliotecas populares circulantes, museos de obxectos hispanoamericanos e conferencias de divulgación científica.

A fins do citado ano, un dos promotores da Sociedade, Manuel A. Salgueiro, propuxo en sesión plenaria iniciar unha subscrición extraordinaria co fin de facer realidade o programa cultural. Así mesmo, acordouse recadar un capital para o establecemento dunha escola práctica no Val Miñor, a partir das cotas dos socios e de diversas doazóns.

O incremento de socios foi vertixinoso, ata o punto de contar con personalidades estranxeiras que apoiaron e alentaron as ideas destes promotores e defensores desta grande obra cultural. Como consecuencia, a Sociedade mantívose da subscrición mensual dos seus asociados, de donativos extraordinarios, de recadacións de festivais, concursos, sorteos, etc., así como da renda do capital acumulado. Segundo figuraba nos seus estatutos e regulamentos internos estaba dirixida por unha Comisión Directiva, con sede en Buenos Aires, e constituída por trinta membros.

A "Unión Hispano Americana Valle Miñor" declarábase allea a toda cuestión política ou relixiosa, perseguindo a adhesión de todas as rexións de España e América e respondendo así a un programa amplo de cultura e utilidade inmediata.

No ano 1911, ante a multiplicidade de sociedades de similar índole, e para evitar a súa dispersión, a "Unión Hispano Americana Valle Miñor" propuxo a fusión de todas elas baixo a denominación "Unión Hispanoamericana Pro-Galicia", instituíndo a "Confederación de Sociedades Gallegas".⁷

En 1909 inaugurouse un centro de ensino primario denominado "Escuelas Hispano-Americanas" auspiciado pola Sociedade. O primeiro curso iniciouse cunha matrícula de 180 alumnos e dado o seu notable incremento (chegou a acadar os 400 alumnos matriculados) no curso 1914-15 inaugurouse un edificio propio. Estas escolas foron o máximo expoñente da Sociedade e estaban dotadas dos mellores recursos educativos da época como biblioteca, batallóns escolares, cantina escolar, clases de mecanografía, contas de aforro, roupeiro infantil, talleres de imprenta e zapatería, transporte escolar, horto escolar, etc..., ademais de desenvolver outras actividades didácticas como excursións, clases ao aire libre, concursos de redacción, etc.

Ante a situación de inestabilidade pola que pasaba España, o 30 de agosto de 1934 a Comisión Directiva da Sociedade en Buenos Aires enviou unha notificación acordando o seu peche. As escolas tomaron novos rumbos encamiñados cara á educación secundaria e profesional. Como a Sociedade se sentía incapaz de afrontar economicamente estas demandas, optou por ceder ao

⁶ Ibidem, p. 273.

⁷ *Boletín Unión Hispano Americana Valle Miñor*. Año II. Buenos Aires, número 21.

Estado o edificio, instalacións e materiais didácticos. Pero sen estar aínda rematadas estas xestións produciuse o comezo da Guerra Civil e as "Escuelas Hispano Americanas" pecharon as súas portas de forma definitiva.⁸

A partir do ano 1936 a "Sociedad Hispano Americana Valle Miñor", dotada de personalidade xurídica, comezou unha nova andaina centrada principalmente na organización de actividades culturais como ciclos de conferencias e exposicións artísticas.⁹

INTERESE DOS EMIGRANTES GALEGOS POR IMPLANTAR PROGRAMAS EDUCATIVOS NOS SEUS LUGARES DE ORIXE.

O emigrante galego, ante a marxinação social padecida como consecuencia da carencia de coñecementos e a escasa bagaxe cultural e consciente das dificultades sufridas para conseguir un oficio digno, optou por fundar e asociarse ás sociedades galegas de instrucción co obxecto de mitigar estas penosas experiencias, de protexerse nun núcleo común e de servir ao tempo de canle portadora de cultura a cantos decidiran emprender camiños similares.

Non cabe dúbida de que a educación constitúe o motor de arranque e motivo de mellora da sociedade. Ela é a causante do progreso dos países e, como tal, supón un reto permanente para este grupo de persoas que desexan o benestar dos seus paisanos. Así o describe o seguinte testemuño:

*"...Habrán visto que los hijos de otros pueblos donde había escuelas llegaban mejor preparados a América y lograban más fácilmente las buenas situaciones económicas. Entonces pensaron en la necesidad de que sus aldeas, sus queridos rincones, también tuviesen quien enseñase y donde se enseñase a los niños aldeanos, y sacrificaron unos cuantos miles de duros para satisfacer esa necesidad del alma. Desde entonces, nadie iría ya al país extranjero sin llevar algún bagaje de educación, aunque fuese rudimentaria, y los nuevos hombres aventureros, los que en el porvenir saliesen a comer el pan de la emigración, sobre distantes tierras, bendecirían la obra de los filántropos..."*¹⁰

Ante a inquietude destas xentes por promocionar a cultura, decidiron elaborar e poñer en marcha un proxecto educativo amparado por pedagogos de renome, creadores das novas correntes pedagóxicas, como Montessori, Dewey, Froebel, Ferrer i Guardia, Giner de los Ríos, e por pensadores ilustres do mundo da literatura, da filosofía e da política, como Sarmiento, Concepción Arenal, Únamuno, Labra, Canalejas, Posada, Basilio Alvarez, entre outros. Moitas destas personalidades mantiveron notables contactos cos benefactores galegos por medio de cartas, entrevistas, conferencias, ou ben de colaboracións, asesoramentos e intercambios de diversos estudos e investigacións.

Con todo isto pretendíase constituír un remedio instruccional á multitude de penurias educativas e sociais suscitadas dende tempos remotos. Un exemplo do dito expoñémolo a través das palabras de Concepción Arenal:

*"Ninguna dolencia social puede combatirse con un solo remedio; pero si se nos pidiera que señaláramos uno nada más, aquel que juzgásemos de mayor eficacia, responderíamos sin vacilar: la instrucción"*¹¹

Por conseguinte, estes contactos culturais e educativos promovidos pola "Sociedad Gallega de

⁸ Ver historia das "Escuelas Pro-Valle Miñor" en PEREIRA DOMÍNGUEZ, M^a C., op. cit. pp. 559-589.

⁹ PEREIRA DOMÍNGUEZ, M^a C. "Unión Hispanoamericana Valle Miñor", en CAÑADAS, S. (Editor): *Gran Enciclopedia Gallega*. Gijón. Imprenta Heraclio Fournier. Vitoria. Número 460, tomo XXIX, pp. 182-183.

¹⁰ *Boletín Unión Hispano Americana Pro-Valle Miñor*. Año XLIII. Buenos Aires, número 108, 1918, pp. 1-3.

¹¹ Vid. MATO CASTRO, B. "El malestar social", en *Eco de Galicia*. Año XIV, número 356, p. 18.

Instrucción" pretendían deseñar modelos pedagóxicos acordes cos requirimentos socioeducativos da época, adaptados ás peculiaridades de cada zona xeográfica, onde se primaban aqueles contidos vinculados coas ensinanzas agrícolas. Estes coñecementos contempláronse dende a teoría e a práctica, e contaron ademais con espazos no recinto escolar e no caso de ser insuficientes estudiouse a posibilidade de alugar ou adquirir outros terreos que permitiran cumprir os obxectivos propostos. Ditas ensinanzas eran impartidas por peritos agrónomos e persoal cualificado. E os contratos docentes xestionábanse tanto dende as iniciativas privadas como dende as subvencións estatais.

Aparte dos temas agrícolas típicos dos países receptores dos emigrantes, tamén se consideraban os concernentes á xeografía, historia, economía e cultura. Para isto, as Sociedades de Instrucción

encargábanse de solicitar aos responsables políticos destas zonas a achega de documentos e material diverso como libros, revistas, coleccións de numismática, bandeiras, insignias, selos, etc. co obxecto de aproximar o máis posible a cultura da civilización correspondente, de orientar ao emigrante e de favorecer así a súa adaptación inmediata.


Unha vez expostos os *coñecementos básicos* para preparar a estas xentes que buscaban traballo fóra das súas zonas de orixe, as Sociedades de Instrucción tamén se preocuparon de crear escolas e, como consecuencia, de elixir locais escolares en condicións idóneas. Nun principio, dadas as modestas condicións económicas nas que se atopaban, pensouse no alugamento dos inmobles, pero a medida que estas Sociedades foron incrementando a súa economía puideron deseñar e construír os seus propios edificios escolares, conseguindo obras grandiosas e dignas de gabanza, creadas por recoñecidos arquitectos, como é o caso da "Sociedad Unión Hispano Americana Valle Miñor". Desta forma erixíronse construcións que cumpriron as regras pedagóxicas e sanitarias de vangarda, emprazadas en terreos salubres e soleados, e elaboradas con materiais de primeira calidade. Nas "Escuelas Valle Miñor" ergucuse un edificio recuberto de elementos ornamentais que lle outorgaron un aspecto de grandiosidade, quizais pouco axeitado para o contorno de penuria socioeconómica peculiar do momento, pero interpretado tamén como un produto xurdido do esforzo e tesón dun colectivo de xentes preocupadas por superar tantas dificultades.



O exemplar edificio das Escolas Pro-Val Miñor inaugurado no curso académico 1914 -1915 (Vida Gallega)



Grupo de alumnos e profesores das Escolas Pro-Val Miñor (Vida Gallega)



As alumnas das Escolas Americanas Pro-Val Miñor coas súas respectivas profesoras - (Vida Gallega)

Outra das inquietudes manifestada por estes filántropos referíase á gratuidade do ensino. Matinaron na necesidade dunha educación para todos, sen distinción de clase social ou pensamento ideolóxico, e para iso contemplaron a

posibilidade de dotar de material escolar, alimentación, roupa e calzado aos máis necesitados.¹²

Así mesmo, consideraron que a asistencia ás clases debería ser obrigatoria. Xa que logo era preciso concienciar previamente ás familias da importancia da educación para o progreso dos seus fillos. Tarefa difícil esta da sensibilización, pois a tónica común dos pais era dispor da man de obra dos seus fillos para a realización das faenas agrícolas, en especial durante a colleita, época de maior absentismo escolar na que se imponía esta actividade fronte á educativa dada a repercusión económica que representaba para as familias. En consecuencia resultaba común atoparnos coas seguintes circunstancias:

*"...Verdad es que, por desgracia, la asistencia no es tan regular como debiera, pues, aunque causa profunda pena el decirlo, niños hay que pasan meses enteros (en las épocas de las faenas agrícolas) sin asistir ni un solo día a clase; otros vienen por la mañana y dejan de hacerlo por la tarde, cosa muy común, general casi..."*¹³

Outra das causas de absentismo era a relación establecida entre o nivel socioeconómico familiar e a asiduidade dos seus fillos á escola; é dicir, aqueles alumnos máis pobres resultaban ser os que máis faltaban ás clases repercutindo claramente no seu rendemento escolar:

*"Así sucede con los adelantos de los alumnos en nuestras escuelas, que los niños forman la misma escala ascendente, en conocimiento y en situación económica. Los más pudientes, como resultado de su asistencia asidua, son los más adelantados; los más pobres, cuya asistencia puede suponerse en dos días por semana, son los más atrasados".*¹⁴

Outra das tarefas pendentes a considerar referíase ás *clases para adultos*. Como dicíamos interesaba que todas as persoas puideran acceder á cultura, incluso quen se atopaba traballando. Polo tanto había que contemplar con urxencia esta formación, unha vez rematados os labores cotiás, e

¹² PEREIRA DOMÍNGUEZ, M^a C. "La búsqueda de docentes cualificados: cuestión vital en el proyecto educativo promovido por los emigrantes gallegos en América a principios del siglo XX", en *Historia de las Relaciones Educativas entre España y América*. V Coloquio Nacional de Historia de la Educación. Universidad de Sevilla. Departamento de Teoría e Historia de la Educación. Servicio de Publicaciones de la Universidad de Sevilla. 1988. pp. 426-431.

¹³ REY y GONZÁLEZ, J. "Memoria de los trabajos verificados en la escuela pública de Borreiros, durante el año escolar que termina el 17 de julio de 1910". Arquivo do Concello de Gondomar. Pontevedra. Material sen arquivar.

¹⁴ FERREIRO, E. "Informe anual del Director de la Escuela Americana correspondiente al año 1913", en *Boletín Unión Hispano Americana Valle Miñor*. Año V, Buenos Aires, número 53, febreiro 1914, p. 10.

se era preciso realizaríase os domingos:

"¿Quiere mayor desgracia para un hombre de 20, 30 ó 40 años, que no saber poner su nombre? ¿No es lástima que un agricultor no sepa leer el recibo de la contribución que paga? ¿Es posible ser buen artista, sin saber leer, escribir y contar?".¹⁵

Neste sentido, as mulleres estaban máis prexudicadas que os homes; cumpría dedicarlles unha maior atención:

"...Creemos en una escuela donde, desde niños, beban las aguas puras de la verdad, del trabajo y de la hacendosidad. Hagamos mujeres conscientes, poniendo a su alcance un oficio o una profesión..".¹⁶

Como podemos deducir, todos estes requirimentos ideados polos emigrantes para levar adiante un proxecto sociocultural e educativo precisaron de axudas económicas, en ocasións pouco doadas de conseguir. Pero o afán e esmero destes colectivos por alcanzar estes logros desencadeou unha amálgama de estratexias para poder cubrir os gastos ocasionados. Entre elas resaltan as axudas dispensadas dende os organismos oficiais e as doazóns de particulares.

REQUISITOS BÁSICOS PARA A CONTRATACIÓN DOCENTE

As Sociedades Galegas de Instrucción non só se preocuparon de elaborar e levar adiante os seus programas socioeducativos, senón tamén de buscar e contratar profesionais cualificados capaces de asumir con responsabilidade e creatividade o labor encomendado, como así o demostran estas afirmacións:

"...Inútil será todo sacrificio, celo e inteligencia de la Comisión Directiva, si el Claustro de profesores no está formado en su totalidad, por maestros inteligentes, activos, con vocación y entusiasmo por la gran obra educacional...".¹⁷

Sen embargo, eran conscientes de que a un profesional competente deberíalle corresponder unha *remuneración económica* digna, capaz de manter o seu status, sen necesidade de acudir a outros engadidos que non provocaran máis que desánimo, apatía e desprestixio social. Nesta mesma liña de pensamento estaban os membros do equipo directivo das "Escuelas Valle Miñor":

"....el Consejo Directivo de la Escuela cree que el profesorado debe ser retribuido decorosamente....Un profesor bien retribuido será un entusiasta de la escuela, un encariñado de ella de por vida. Es preciso huir a toda costa a que las plazas en la escuela sean lugares donde esperar a que se presente otra ocupación más lucrativa. Y esto ha de suceder siempre, si se quiere tener un buen profesorado retribuido escasamente. Este profesorado se ausentará apenas logre en otro sitio el pago de sus méritos".¹⁸

Polo tanto, unha xusta remuneración conlevaba unha estabilidade profesional; isto significaba

¹⁵ DE MENDOZA, J. "Las clases de adultos. Su necesidad e importancia", en *Boletín Unión Hispano Americana Valle Miñor*. Año IV. Buenos Aires, número 41, febreiro 1913, pp. 9-11.

¹⁶ BASANTA, J. S. "La escuela de niñas".. en *Boletín Unión Hispanoamericana Valle Miñor*. Año VIII. Buenos Aires, número 103, abril 1918, p. 4.

FERREIRO y OTERO, E. "Colaboración. Necesidad de difundir la cultura entre las clases adultas y medios prácticos para conseguirlo", en *Boletín Unión Hispano Americana Valle Miñor*. Año III., Buenos Aires, número 53, febreiro 1914, p.2.

¹⁷ FERREIRO, E. "Nota del Director de la Escuela Hispano-Americana", en *Boletín Unión Hispano Americana Valle Miñor*. Año V. Buenos Aires, número 61, outubro 1914, p.3.

¹⁸ "Extracto del Informe del Director del Noticiero de Vigo, Sr. Jaime Solá", en *Boletín Unión Hispano Americana Valle Miñor*. Año I. Buenos Aires, número 3, decembro 1909, p.6.

a atención á vivenda, á alimentación e manutención familiar, así como todas aquelas necesidades requiridas pola propia profesión como inmobles, libros e recursos didácticos. Ademais dos aspectos asociados ao aumento salarial, á atención médica e sanitaria, aos recoñecementos pola antigüidade e dereito á xubilación. O seguinte testemuño reafirmao:

*"...no vacilamos en suplicar de la Comisión Directiva...la consignación necesaria para el alquiler de la casa-habitación para todos los profesores, que se haga efectivo el aumento de sueldo por cada cinco años de servicio, que se asegure en alguna Sociedad de rentas vitalicias un modesto retiro a todos los profesores que hayan prestado más de veinte años de servicios y, en fin, todas aquellas mejoras que premien la abnegación pedagógica de este meritisimo y modesto profesorado..."*¹⁹

Outra das condicións esixidas na procura do perfil docente, pensado por este grupo de emigrantes, era a idade. Interesaban persoas novas e activas, con capacidade de resignación, con experiencias entusiastas e altruístas, desexosas de poñer en práctica as teorías recentemente asimiladas nos estudos cursados nas "Normales", de deseñar novas metodoloxías. Pretendían que os proxectos educativos foran conducidos e avaliados por estes docentes noveis e proclamábano deste modo:

*"...es preciso que a esa Escuela vaya un maestro que haya pisado las aulas de la Normal y que no fuese hecho de un golpe a trompicones. Savia vigorosa y moderna, orientación pedagógica, título superior y buena hoja de estudios, si la tiene, y joven, por lo menos de 21 años: esto es lo que se precisa..."*²⁰

Pero todo isto non era suficiente, demandábase unha selección xusta e atinada do profesorado. Por iso, os pasos e trámites máis aconsellables eran o concurso-oposición, no que tivera cabida toda persoa titulada e con currículo recoñecido, tanto de Galicia como do resto do país. Esta vía daría testemuño da máxima obxectividade e optimizaría a calidade educativa das Escolas:

*"...en el deseo de proseguir la tarea del mejoramiento general de la Escuela, que debe ser paralelo con el del personal docente, se procederá en caso necesario a una nueva y severa selección llamando a concurso, y todo nuevo puesto que se crease será proveído en la misma forma, es decir, por concurso y oposición..."*²¹

Unha vez contratado o mestre os filántropos seguirían de preto a súa traxectoria pedagóxica, recorrendo a canles pertinentes como as inspeccións escolares, exercidas por persoal especializado e alleo ao Centro; os consellos escolares, constituídos dende as propias sociedades de instrución; as visitas extraordinarias realizadas por expertos da educación; así como a presentación de informes e memorias elaboradas polos propios mestres das escolas americanas, que reflectían fielmente a súa tarefa docente. Sen embargo, todas estas vías no só constituíron estratexias de control e supervisión, senón tamén auténticas realidades de intervención pedagóxica.

En canto á tendencia ideolóxica do docente contratado, bastaba con perfís acordos coas bases incluídas nos Regulamentos da Sociedade, é dicir, con persoas respectuosas ante os pensamentos e crenzas dos outros, con actitudes que valoraran a cultura e a promoción humanas. Así o declaraban as seguintes palabras, eco ideolóxico da Institución:

"...En la gran obra educacional emprendida se precisa una atmósfera de paz, de sosiego, de serenidad, de aunamiento de voluntades...el gran educacionista debe ser neutro, exento de toda clase de dogmatismos, luchas, enconos, apasionamientos sociales o religiosos y de todo lo que

¹⁹ FERREIRO, E. "U.H.A. Valle Miñor", en *Boletín Unión Hispano Americana Valle Miñor*. Año VII, Buenos Aires, número 84, setembro 1916, pp.2-3.

²⁰ PEÑA SAAVEDRA, V. op. cit. p. 368.

²¹ "El profesorado", en *Boletín Unión Hispano Americano Valle Miñor*. Año III, Buenos Aires, número 24, setembro 1911, p. 10.

*divide a los hombres. La escuela de los pueblos verdaderamente libres y progresistas...".*²²

Consideramos que tamén merece plasmarse aquí a percepción do primeiro director das Escolas Pro-Val Miñor, Don Eladio Ferreiro e Otero, cando a Comisión Directiva lle ofreceu a oportunidade de adoptar o cargo:

*"En mi calidad de Director de la Escuela Pro-Valle, esa creación del celo y actividad de los miñoranos, siéntome débil para interpretar y cumplir tan dignísimos ideales; sólo secundado por un profesorado meritiísimo e inspirado por un Consejo Administrativo, culto y entusiasta, podrá salir a flote de una empresa tan superior a mis fuerzas y merecimientos".*²³

Así mesmo, lembramos brevemente a traxectoria docente emprendida por Don Eladio Ferreiro e Otero por medio do testemuño dun grupo de antigos alumnos na homenaxe que lle concederon en 1953:

*"...no era un maestro ni un educador, ni un forjador de hombres a los que preparó para que alcanzaran puestos elevados en todos los órdenes de la vida...inculcó un valor moral en las inteligencias formadas bajo sus sabias lecciones...".*²⁴

No que respecta ao segundo director, D. Enrique Valverde González, segundo e último director das Escolas, recolleamos tamén as experiencias vividas por un dos seus antigos alumnos:

*"Era un gran profesor. Poseía un dominio de las ciencias. Era una maravilla en matemáticas. Nos hacía las clases amenas, siempre las acompañaba de anécdotas muy interesantes. Fue como nuestro padre. Era un hombre de carácter... Recuerdo el alivio que me supuso D. Enrique en el trabajo. Me costaba la Historia de España y él nos hacía unos resúmenes con los que era facilísimo estudiar".*²⁵

REFLEXIÓN FINAL SEN PRETENDER CONCLUÍR

As ideas desenvolvidas ao longo destas páxinas permitíronnos constatar o crecente interese que manifestou o emigrante galego por emprender un programa de educación popular nas súas zonas de orixe, co fin de que os seus paisanos, futuros emigrantes ou non, fosen quen de xerar situacións económicas que melloraran a súa calidade de vida.

Así mesmo, constatamos a súa enorme preocupación por crear un tipo de escola inspirada nas innovadoras tendencias pedagóxicas, indispensable para a reforma sociocultural das súas xentes.

A busca de docentes cualificados significou a pedra de toque para facer realidade os seus valiosos proxectos pedagóxicos.

Por conseguinte, a obra socioeducativa acometida en Galicia por estes filántropos, amparados nas Sociedades Galegas de Instrucción durante o primeiro tercio do século XX, que tivo como finalidade fundamental aliviar o precario estado sociocultural dos seus paisanos, mellorando as posibilidades da emigración, é obra dun inmenso mérito.

Logo do exposto non cabe dúbida da necesidade de seguir investigando no tema para descubrir a variedade de accións educativas e culturais dos galegos en América, e animar a cantos se sintan motivados por estes estudos, achados dignos de exemplo e recoñecemento.

²² FERREIRO, E. "Informe a la C.D. del Director de la Escuela Americana", en *Boletín Unión Hispano Americana Valle Miñor*. Año V, Buenos Aires, número 60, setembro 1914, p. 4.

²³ FERREIRO, E. "La Escuela Pro-Valle Miñor", en *Boletín Unión Hispano Americana Pro-Valle Miñor*. Año I, Buenos Aires, número 10, xullo 1910, p. 7.

²⁴ "Gratitud a un maestro" en *Revista Miñor*. Año XX, número 40, setembro 1953, p. 41.

²⁵ Entrevista realizada a Don Francisco Alborés. Antigo alumno das "Escuelas Americanas Pro-Valle Miñor". Vigo, 26 de agosto de 1985.

